

Marzo 2017

Ampliación da Información da Mesa Sectorial sobre a Oferta emprego

Na Mesa Sectorial do martes 2 de marzo a CIG-Ensino cualificou de insuficiente a oferta de emprego presentada pola Consellaría de Educación e denunciou que a Consellaría faga pública a oferta sen realizar unha negociación real, que é preceptiva.

Por outro lado, a **CIG-ENSINO esixiu á Consellería que siga adiante coa convocatoria**, como tamén esixiu onte na Mesa do Estado volveu esixir que o Goberno do Estado non poña atrancos á celebración de oposicións, convocalas.

O Secretario Nacional da CIG-ENSINO, Anxo Louzao, expresou: “a nosa enérxica repulsa a todo o acontecido. Denunciamos o uso perverso e de arma política que se está facendo coa convocatoria de oposicións.” Louzao denunciou tamén “a actitude despectiva e irresponsábel da Consellaría e a Xunta de Galiza que deste xeito están a xogar coas persoas opositoras, someténdooas a un martirio.”

Na Mesa Sectorial, Anxo Louzao reclamou que a Consellaría “abandone a actitude servil, submisiva e partidista aos mandatos do PP de Madrid. Temos unha Consellaría sen rumbo que actúa erráticamente ao ditado do Estado. Non hai xustificación para continuar a sementar incertezas e inseguridade entre as opositoras e os opositores. Cómpre valentía e vontade política.”

Finalmente o Secretario Nacional da CIG-ENSINO concluíu que esta é unha “manobra de distracción para non convocar máis prazas cás que corresponden coa taxa de reposición.”

A CIG-ENSINO esixiu a convocatoria de oposición, “única saída posíbel”, e por iso reclamou que a conclusión da Mesa Sectorial fose a convocatoria en firme das oposicións, tal e como xa sucedeu noutros territorios do Estado como Euskadi, pois do contrario incrementarase a interinidade, a inestabilidade e mesmo a amortización de prazas.

A Consellaría responde que segue na mesma actitude. No seu día anunciou que ía convocar 1000 prazas, logo as especialidades, e logo veu a polémica do Estado. Din que a convocatoria non é competencia da Xunta, que estamos nesta situación porque é competencia básica do Estado. Que teñen tempo até mediados de abril e que a convocatoria farase se hai seguridade xurídica, que para eles é que estean aprobados os orzamentos.

A CIG-ENSINO considera que debería haber unha posición clara de non sumisión e que non pode ser que o profesorado estea sendo utilizado na negociación do orzamentos.

Respecto da oferta, a CIG-Ensino volveu denunciar unha vez máis que a Consellaría anuncie a oferta publicamente sen negociación, nin información e iso apesar de que a CIG-Ensino, sindicato maioritario no ensino, xa o solicitara por escrito en decembro de 2016. Por outro lado, a CIG-ENSINO critica tamén o momento en que se enviou o borrador de convocatoria, luns de Entroido, pois inviabilizou que as novidades da mesma puidesen ser testadas co profesorado afectado, motivo polo que a CIG-ENSINO solicitou que se celebre unha nova mesa en que se traten todos eses temas.

A CIG-Ensino manifestou que “é totalmente insuficiente, estase a aplicar a taxa de reposición cando as necesidades dos centros son maiores e desde 2011 non se cubriron o 50% das necesidades dos centros, ademais do incremento de rateos, número de centros compartidos, falta de recursos para atender as necesidades específicas, etc. Esta oferta non vai permitir que se recuperen os postos de traballo perdidos.

Tampouco é correcto que se nos envíe a proposta de convocatoria o luns de Entroido, cando non podemos contrastar co profesorado o que se recolle como novo: especialmente as probas prácticas. Por iso pedimos outra mesa para que se negocien con máis profundidade estes temas.

Hai especialidade que non se convocan desde 2010 (Ex: Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos). Outras especialidades en que hai moitos interinos e non se convocan. Para a CIG-Ensino a Oferta de Emprego ten que ir acompañada cun acordo estabilidade para reducir o número de profesorado interino.

A CIG-ENSINO reclamou os datos da taxa de reposición. Segundo a Consellaría son: xubilacións 964, excedencias, perda de prazas 18, falecementos 16. Estas son 998, ás que hai que detraer 86 que veñen de fóra por concurso de traslados.

En canto á proposta da Consellaría de acceso do subgrupo A1 ao subgrupo A1, corpo de música e artes escénicas, a CIG-ENSINO manifestou que non só non se vai resolver o actual problema senón que se vai crear un conflito enfrontando dous colectivos de profesorado.

A CIG-ENSINO reclamou que haxa **oferta de emprego de acceso libre para os CMUS.**

Por outro lado deu traslado de varias propostas que darían solución á situación do profesorado funcionario de música do corpo de PES, propostas por eles mesmos. O actual problema só pode ser solucionado indo á súa raíz: a falta de horas do profesorado de música de Secundaria. Hai propostas concretas que, se a Consellaría as aplicase resolverían o problema: contabilizar como horas lectivas as horas de coro e outros agrupamentos escolares, que se oferte a música como materia específica en todos os centros, que os centros poidan solicitar un docente de música fóra do cupo que lle asigna a Consellaría, redución de rateos, que música deixe de ser unha materia afín de diferentes departamentos ou que, de maneira excepcional, se doten prazas itinerantes.

Para a CIG-ENSINO é inaceptábel que se pretenda que quen xa pasou unha oposición teñan que volver pasar outra para obter un destino definitivo, cando é obriga da propia Administración garantilo.

A Consellaría responde que non realizan convocatoria libre aos CMUS porque hai dúas dificultades, unha delas resolver o problema das cátedras dos CMUS Superiores. Por outro lado está a colocación do profesorado de música de Secundaria, que a Consellaría quería resolver puntualmente mais a impugnación da asignación de prazas a este colectivo obrigounos a tomar esta

decisión. O problema iniciouse coa redución de horas de música en 2006.

	Propostas da CIG-ENSINO	Resposta da Consellaría
Plans de estudos	En termos xerais, é necesaria a súa revisión, especialmente no que ten que ver coas titulacións de maxisterio, pois o que se cursa hoxe non é correspondente coa oferta que logo se realiza.	<i>Hai unha comisión nomeada que o está mirando para adaptar á situación actual.</i>
Anonimato	Debe procurarse o anonimato das probas na medida do posíbel.	<i>Non responden.</i>
Cobertura das prazas	Deben cubrirse todas as prazas convocadas, e para iso hai que comezar por eliminar un comportamento habitual a aplicación dunha nota de corte para pasar á segunda proba.	<i>Non responden.</i>
Tribunais	<p>É xa unha vella reivindicación que agardamos chegar conquistar un día: todos os integrantes dos tribunais deben ser a sorteo, especialmente cando o nomeamento dos presidentes por parte da Consellaría non garante nada e vemos que moitos problemas no funcionamento dos tribunais nacen desa designación.</p> <p>Estamos en desacordo coa presenza de inspectores nos tribunais.</p> <p>Esiximos que se dean instrucións claras e que se publiquen e especifiquen os criterios de avaliación que deben ser idénticos para todos os tribunais.</p> <p>Consideramos que o máis razoábel sería que as probas fosen as mesmas en todos os tribunais da mesma especialidade.</p>	<p><i>A presidencia dos tribunais vai seguir como até agora</i></p> <p><i>Os inspectores poderán ser membros dos tribunais, tamén son especialistas.</i></p> <p><i>Darán instrucións claras, xa o fan todos os anos. Tentarán mellorar o tema dos criterios de avaliación.</i></p> <p><i>Non ven razón para que os tribunais da mesma especialidade teñan que facer as mesmas probas, iso implicaría crear comisións e non están de acordo. Son os membros dos tribunais os que deben facer ese traballo.</i></p>
Temarios	Hai que resolver a problemática dos temarios, están obsoletos, son de 1991-92, é totalmente inaceptábel. Non se pode facer para esta convocatoria mais hai que emprender unha modificación.	<i>Certo que moitos están obsoletos, especialmente moitos de fp, mais é competencia do Estado.</i>
Titulacións	Non aparecen as titulacións concordantes con galego	<i>Revisarano.</i>

<p>Probas prácticas</p>	<p>A/o opositor/a debe ter toda a información sobre o exame práctico. En Secundaria nunhas materias está mellor especificado ca noutras. Nalgúns casos non figura o tempo que duran as probas, noutros é insuficiente. En Lingua Galega hai que fixar o tempo, ao igual que noutras especialidades..</p> <p>As probas deben ser o máis obxectivas posíbeis</p> <p>En xeral sería necesario realizar outra mesa para podermos achegar as propostas do profesorado das materias convocadas, pois sendo enviado o borrador durante o Entroido non puido ser consultado.</p>	<p><i>Non é necesario realizar outra convocatoria, enviade as propostas e as analizaremos.</i></p> <p><i>Nos prácticos de FP xa non ía o tempo o ano pasado porque é unha cousa moi específica.</i></p> <p><i>En Lingua Galega fixarán o tempo.</i></p> <p><i>Non están dispostos a convocar outra Mesa. Propoñen que se lles envíen as propostas en relación aos prácticos para ser valoradas.</i></p>
<p>Data de Inicio</p>	<p>Data de inicio, habería que habilitar algunha licenza para que o profesorado interino estivese eximido da obriga de ir ao centro desde o día 22.</p>	<p><i>Non responden a esta proposta</i></p>
<p>Matrícula persoas paradas</p>	<p>Solicitamos que sexa gratuíta</p>	<p><i>Non porque a lei de orzamentos non se pode modificar</i></p>
<p>Competencia en lingua galega</p>	<p>botamos en falta que a realización dunha proba en galego, pois é a maneira en que se demostra a actitude e a capacidade para impartir docencia na nosa lingua</p>	<p><i>Rexeitan a proposta.</i></p>
<p>Valoración do baremo</p>	<p>Debe ser realizado pola Consellaría e non se debe coñecer até rematar a oposición. A CIG-ENSINO insistiu neste aspecto, mesmo propoñendo que se o realiza o tribunal o faga ao finalizar as probas.</p>	<p><i>A baremación non a vai facer a consellaría.</i></p>
<p>Reclamacións</p>	<p>Deben contestarse todas as reclamacións. Hai que darlle máis garantías ao opositor/a. A/o opositor/a non debe sentirse desamparado: descoñecemento de criterios, ausencia de resposta ás reclamacións... A CIG-ENSINO fixo unha serie de reclamacións que non se nos contestaron, sobre todo en canto a criterios, notas, resultados, é terríbel que non se lle contestara nada a ninguén.</p>	<p><i>A reclamación responderase ou non, o que está previsto é que se pode impugnar as decisión dos tribunais, ante a Dirección Xeral. Eses recursos véñense contestando. Hai moitos e non dan resolto todos en breve prazo.</i></p>

Notas das probas	A/o opositor/a debe ter dereito a coñecer a nota de cada unha das probas.	<i>Estudarán o de facer público a nota de cada parte das probas</i>
Número de opositores por tribunal	Debe reducirse o número de opositores por tribunal, consideramos que non debe haber máis de 90 en cada un.	<i>Pensan que é razoábel a situación actual. Reducir o número significa incrementar os tribunais e isto significa distribuír máis as prazas e iso tamén ten as súas consecuencias e por iso mesmo teñen a pretensión de que os de nova especialidade se distribúan entre todos os tribunais.</i>
Titoría fase de prácticas:	Debe realizarse na especialidade pola que se optou. O profesorado titor debe ser nomeado polo centro, e debe ser da especialidade.	<i>O nomeamento dos titores de prácticas vén funcionando ben.</i>
Mestrado	Profesorado que non ten o mestrado que a Consellaría chegue a convenio coas universidades para que poida realizalo.	<i>No caso dos PTFP que non teñen mestrado estase traballando noutra Dirección xeral</i>
Presentación documentación	Hai un avance. Con todo propoñemos que se amplíe aos cinco anos anteriores. Non entendemos por que os que acceden dun corpo a outro non teñen que presentar documentación e si o teñen que facer os interinos.	<i>Se admitisen documentación anterior non lles constaría a veracidade das alegacións.</i>
Acceso A2 ao A1	En relación cos méritos non ten sentido que se valoren méritos por inspección, nin cargos directivos.	